

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DE QUIROGA

CURSO: 2019/2020

MATERIA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2.º BAC

DEPARTAMENTO: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

DATA: 08/05/2020

ÍNDICE

- 0. Introdución**
- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3.º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁX. 1 DE 7	CENTRO: IES QDE QUIROGA CURSO:2019/2020 MATERIA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2.º BAC
--	----------------	--

0. Introdución

Tendo en conta a situación de crise sanitaria ocasionada pola covid-19, que implicou o peche dos centros educativos dende o 16 de marzo e o paso das clases presenciais á formación telemática, este Dpto. detalla as modificacións que se levarán a cabo para a terceira avaliación. Segundo as instrucións publicadas o 27 de abril de 2020 (accesibles na páxina web da Consellería de Educación, destacamos o seguinte:

- A atención educativa ao alumnado continuará (punto 3.1 das citadas instrucións), fundamentalmente a través das seguintes canles: Aula Virtual do centro, correo electrónico e sesións a través de Webex cando fosen precisas.
- A avaliación de 2.º de bacharelato posporase para adaptala ás novas datas das ABAU. Será antes do 9 de xuño (punto 3.3 das citadas instrucións).
- Terase en conta ao alumnado que teña problemas de conexión telematicamente e ofreceranse solucións (punto 4 das citadas instrucións).
- Adaptación dos contidos da 3.ª avaliación (punto 6 da citada orde): priorizaranse os contidos relacionadas coas competencias básicas (comprensión lectora, expresión oral e escrita, expresión escrita...) e eliminaranse aqueles más complicados que precisen maior apoio docente e menor autonomía do alumnado (coma a sintaxe non explicada na 2.ª avaliación ou a análise de textos complexos); ademais, dado o carácter da materia, estes contidos son obxecto de estudio ampliado no seguinte curso, polo que se traballarán con mais detalle nel.
- Durante a 3.ª avaliación realizaranse as actividades de recuperación pertinentes e adaptadas á situación do momento (punto 6.2 e 6.4 das instrucións), tanto na convocatoria ordinaria de xuño como na extraordinaria de setembro (punto II3.13 para ESO e II4-16 para bacharelato das instrucións).
- A avaliación e cualificación do alumnado terá en conta as aprendizaxes realizadas na 1.ª e 2.ª avaliación (punto 6.9 3 7.3 das citadas instrucións) e as da 3.ª avaliación só poderán beneficiar ao alumnado (punto 6.9 das citadas instrucións, II3.6 para ESO e II4.7 para bacharelato). Polo tanto, o alumnado que superou satisfactoriamente a 1.ª e a 2.ª avaliación, superará a materia automaticamente.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles – LCL – 1.º BAC	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Escoitar de forma activa e analizar textos orais argumentativos e expositivos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, identificando os trazos propios do seu xénero, relacionando os aspectos formais do texto coa intención comunicativa do emisor e co resto dos factores da situación comunicativa.	LCL2B1.1.1. Recoñece as formas de organización do contido nunha argumentación oral, analizando os recursos verbais e non verbais empregados polo emisor e valorándoos en función dos elementos da situación comunicativa.
B2.1. Comprender e producir textos expositivos e argumentativos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando a intención do emisor, resumindo o seu contido, diferenciando a idea principal e explicando o modo de organización.	LCL2B2.1.1. Comprende o sentido global de textos escritos de carácter expositivo e argumentativo propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando a intención comunicativa do emisor e a súa idea principal. LCL2B2.1.2. Sintetiza textos de carácter expositivo e argumentativo propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, diferenciando as ideas principais e as secundarias. LCL2B2.1.4. Produce textos expositivos e argumentativos propios usando o rexistro adecuado á intención comunicativa, organizando os enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas ortográficas e gramaticais, e revisa a súa producción escrita para mellorala.
B2.2. Escribir textos expositivos e argumentativos propios do ámbito educativo con rigor, claridade e corrección, empregando argumentos adecuados e convincentes, e axustando a súa expresión á intención comunicativa e ao resto das condicións da situación comunicativa.	LCL2B2.2.1. Desenvolve por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical, aplicando os coñecementos gramaticais e pragmáticos, para mellorar a expresión escrita. LCL2B2.2.2. Nas súas producións escritas axusta a súa expresión ás condicións da situación comunicativa (tema, ámbito discursivo, tipo de destinatario, xénero textual, etc), empregando os recursos expresivos propios do rexistro formal e evitando o uso de coloquialismos.
B3.4. Observar, reflexionar e explicar as estruturas sintácticas dun texto, sinalando as conexións lóxicas e semánticas que se establecen entre elas.	LCL2B3.4.1. Recoñece as estruturas sintácticas e explica a relación funcional e de significado que establecen co verbo da oración principal, empregando a terminoloxía gramatical adecuada. LCL2B3.5.1. Enriquece os seus textos orais e escritos incorporando estruturas sintácticas variadas e aplicando os coñecementos adquiridos para a revisión e a mellora destes. LCL2B3.5.2. Aplica os coñecementos adquiridos sobre as estruturas sintácticas dos enunciados para a realización, autoavaluación e mellora dos propios textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua.

B4.1. Coñecer os aspectos temáticos e formais dos principais movementos literarios do século XX ata os nosos días, así como os autores e obras más significativos.	LCL2B4.1.1. Desenvolve por escrito con coherencia e corrección as características temáticas e formais dos principais movementos do século XX ata os nosos días, mencionando os autores e obras más representativas.
B4.2. Ler e analizar textos literarios representativos da historia da literatura do século XX ata os nosos días, identificando as características temáticas e formais, en relación co contexto, o movemento, o xénero ao que pertence e a obra do/da autor/a, e constatando a evolución histórica de temas e formas.	LCL2B4.2.1. Analiza fragmentos literarios ou, de ser o caso, de obras completas do século XX ata os nosos días, relacionando o contido e as formas de expresión coa traxectoria e o estilo do/da seu/súa autor/a, o seu xénero e o movemento literario ao que pertence.
B4.3. Interpretar de xeito crítico fragmentos ou obras da literatura do século XX ata os nosos días, recoñecendo as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.	LCL2B4.3.1. Interpreta de xeito crítico fragmentos ou obras completas significativos da literatura do século XX ata os nosos días, recoñecendo as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.
B4.5. Elaborar un traballo de carácter educativo en soporte impreso ou dixital sobre un tema do currículo de literatura consultando fontes diversas, adoptando un punto de vista crítico e persoal, e utilizando as tecnoloxías da información.	LCL2B4.5.1. Le textos informativos en papel ou en formato dixital sobre un tema do currículo de literatura do século XX ata os nosos días, extraendo a información relevante para ampliar coñecementos sobre o tema

Recollemos só os considerados imprescindibles dos fixados para a 3.^a avaliación na programación, xa que os outros se manteñen por teren sido explicados na aula antes da supresión das clases presenciais e poden consultarse na programación da materia.

Dadas as características deste curso, que remataría en maio, só restaban por explicar doux temas de literatura (8 e 10 segundo a numeración dos mesmos nas pautas das probas ABAU), as subordinadas adverbiais, os usos dislocados das formas verbais e repasar o bloque de semántica. O resto dos estándares de aprendizaxe e contidos desta avaliación xa se traballaran na aula, aínda que se continuarán realizando actividades de repaso.

2. Avaliación e cualificación: manterase, na medida do posible, o recollido na programación

Avaliación	<p>Procedementos: observación sistemática do traballo realizado a través da Aula Virtual; valoración das lecturas realizadas polo alumnado; trabalhos escritos; probas obxectivas escritas.</p> <p>Instrumentos: caderno da profesora, trabalhos escritos entregados a través da Aula Virtual ou correo electrónico, probas obxectivas escritas realizadas cos medios dispoñibles.</p>
Cualificación final	<p>Alumnado que superou as 1.^a e 2.^a avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Media ponderada (60% lingua e 40% literatura) das dúas primeiras evaluacións¹ + ata un punto en función do traballo realizado a partir do 13 de marzo. - Realizarase unha proba a finais de maio que só puntuará positivamente; polo tanto, os alumnos poderán subir a media e, aqueles que teñan suspensa a parte de Lingua, recuperala nesta proba. <p>Alumnado que non superou a 1.^a e/ou 2.^a avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Proba na primeira semana de xuño dos contidos das dúas primeiras evaluacións, así como das lecturas non recuperadas + ata un punto en función do traballo realizado na 3.^a avaliación. A proba realizarase presencial ou telematicamente en función da evolución da pandemia e será escrita, oral ou combinando ambas, en función das circunstancias que se dean nese mes. <p>O redondeo será automático a partir de 0,5 se o alumno traballou na 3.^a avaliación e non existirá para aquel alumnado que, tendo medios, non realizase as tarefas propostas.²</p>
Proba extraordinaria de setembro	<ul style="list-style-type: none"> - Proba que se realizará presencial ou telematicamente (de xeito escrito, oral ou combinando ambos) en función da evolución da pandemia. Nesta proba incluiranse os contidos das dúas primeiras evaluacións, incluídas as lecturas de curso deses periodos.
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Neste curso non hai alumnos coa materia pendente.</p> <p>Criterios de cualificación: Non son, pois, precisos.</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Non son precisos.</p>

¹ Segundo o recollido na programación da materia, esta media será a que resulte más favorable para o alumnado de entre as seguintes opciones: a) media Lengua (60%) + media literatura (40%); b) nota lengua de la 2.^a evaluación (60%) + media literatura de la primera y segunda evaluación (40%); c) nota de lengua de la tercera evaluación (60%) + media de literatura de las tres evaluaciones (40%).

² Polo tanto, a calificación poderá ver incrementada a media das dúas evaluacións anteriores en ata case dous puntos. Exemplo: alumno cuxa media anterior é de 6,5 que traballa adecuadamente na tercera evaluación (entrega todas as tarefas de xeito correcto) polo que alcanza a máxima puntuación (7,5), que se vería redondeada a 8 automáticamente. Se ese mesmo alumno (tendo medios) non realiza ningunha actividade na terceira evaluación, a media non sería redondeable e a calificación final sería de 6. Se o alumno traballa, pero as actividades non cumplen os requisitos, se realizan incorrectamente ou de xeito irregular, alcanzaría unha suba de nota inferior a un punto, polo que terminaría o curso cun 7.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Realización de actividades de comprensión lectora, elaboración de esquemas para organizar a información principal, actividades de resumo e producción de textos escritos, identificación de rasgos literarios en textos do periodo correspondente, realización de exercicios tipo ABAU.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	A metodoloxía atenderá aos diferentes aspectos da competencia lingüística (reflexión gramatical, práctica escrita e oral) e integrará as TIC. Dadas as condicións predominará o traballo individual do alumnado e combinaranse actividades de lectura e interpretación, de creación, de presentación de traballos, de reforzo e de avaliación. Para elo, pautaranse actividades semanais, que non esixan conexión diaria por parte do alumnado. O contacto co estudiantado será tanto a través da Aula Virtual como do correo electrónico tanto para dúbidas, corrección de actividades, etc. Para os contidos de maior complexidade, e dada a necesidade de avanzar nos contidos deste nivel educativo, realizaranse sesión explicativas en directo a través da plataforma Webex. Neste curso non hai ningún alumno sen medios de conectividade.
Materiais e recursos	Aula Virtual do centro e correo electrónico.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Publicidade da páxina web do centro e na Aula Virtual da materia; a través desa plataforma, enviarase unha mensaxe ao alumnado, para recordarlle que está accesible.
Publicidade	Publicación obligatoria na páxina web do centro.